

CIG-Servizos apoia a traballadora despedida no Jardiland de Oleiros



[1]

CIG-Servizos participou na concentración desenvolvida o 23 de xullo diante do establecemento de Jardiland en Iñás, no concello de Oleiros, en protesta polo despedimento dunha encargada que reclamou o cumprimento dos seus dereitos. A central nacionalista esixe a readmisión inmediata da operaria. Medio cento de persoas tomou parte na mobilización.

24/7/10.

O centro oleirense de Jardiland significase pola conculcación sistemática dos dereitos máis básicos dos traballadores e traballadoras. Existe discriminación salarial por razón de xénero ao ocuparen as mulleres os postos peor remunerados. Tamén se constatan incumprimentos reiterados da normativa de prevención de riscos laborais, así como altos índices de contratación temporal.

Por outra banda, a empresa obriga os traballadores a interromper as vacacións para facer inventarios que non contempla o convenio. Do mesmo xeito, o persoal non é compensado pola realización de horas extraordinarias e os operarios que se atopan de baixa por incapacidade temporal non son substituídos.

Jardiland vulnera a Lei de Horarios Comerciais de Galiza pois permanece aberto todos os domingos e festivos do ano.

- [A Coruña](#)
- [despedimentos](#)
- [Jardiland](#)
- [mobilizacións](#)
- [Oleiros](#)
- [xardinaría](#)

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>